

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Persoal, oposicións

BASES PROCESO SELECTIVO MESTRE SOLFEXO

ANUNCIO

Con data 21 de xullo de 2017, esta Alcaldía aprobou as bases que rexerán o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de mestre de solfexo, así como a convocatoria do mesmo.

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE MESTRE DE SOLFEXO

1.—OBJECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto a selección de persoal para a formación dunha bolsa de traballo de MESTRE DE SOLFEXO, polo procedemento de CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE, para os supostos en que sexa precisa a contratación laboral temporal na citada categoría.

A presente bolsa estará en vigor ate a formación dunha nova bolsa.

As principais tarefas do posto serán a impartición de clases de SOLFEXO.

2.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán posuír, no día en que remate o prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1.—Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do previsto no artigo 57 do RD Lex. 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público relativo o acceso a función pública dos nacionais doutros países.

2.—Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de Mestre/a de Solfexo.

3.—Non ter sido separado por expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público.

4.—Estar en posesión, ou en condición de obter, no día en que remate a presentación de instancias, dalgunha das seguintes titulacións:

- Título de Profesor de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento, segundo o Decreto 2618/1966 sobre Reglamentación xeral dos Conservatorios de Música.
- Título de Profesor Superior de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento, segundo o Decreto 2618/1966 sobre Reglamentación xeral dos Conservatorios de Música.
- Título superior de Música, especialidade Pedagogía, opción de Pedagogía da linguaxe e a educación musical, segundo o RD 617/1995 polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao superior das ensinanzas de Música e se regula a proba de acceso a estes estudos.
- Título de Graduado/a en Música, especialidade en Pedagogía, segundo o RD 631/2010 polo que se aproba o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao en Música establecidas na Lei Orgánica 2/2006.
- Calquera outro título equivalente a algún dos anteriores. A equivalencia das titulacións deberá ser adecuadamente acreditada polos aspirantes.

No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberá acreditarse fidedignamente a súa homologación.

5.—Ter ingresado a contía de 18,03 euros en concepto de dereitos de exame, que poderá efectuarse na Tesourería Municipal do Concello ou mediante ingreso na conta xeral do Concello nº ES95- 2080-5430-24-3110102174.

Estarán exentos do pago da taxa por “Solicitud para tomar parte no procedemento para a selección e promoción do persoal” aquelas persoas que estean inscritas nas listas do SEPE, sempre que non estean cobrando ningún tipo de prestación.

3.—PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os interesados en participar no proceso selectivo convocado, deberán presentar, no Rexistro do Concello de Marín, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 no prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP de Pontevedra, instancia de participación que se axustará ó modelo que figura como Anexo I a esta convocatoria.

A esta instancia deberán de acompañar a seguinte documentación:

- copia do DNI.
- fotocopia da titulación esixida.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

- no seu caso, copia do Certificado de Lingua Galega 4 (CELGA 4) ou equivalente.
- documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, así como a xustificación documental dos mesmos, mediante orixinais ou copias cotexadas. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados na data en que remate o prazo de presentación de instancias, nin aqueles que, sendo alegados en dito prazo, non fosen xustificados no prazo de emenda das solicitudes.
- xustificación de pago da taxa por dereitos de exame, por importe de 18,03 euros, ou de estar exento/a do pago da mesma.

4.—ADMISIÓN DE PARTICIPANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como os motivos da exclusión dos aspirantes. Esta Resolución será publicada no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Marín.

Os aspirantes provisionalmente excluídos disporán dun prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para a emenda dos defectos ou omisións da súa solicitude, así como para efectuar reclamacións.

Rematado o citado prazo, a Alcaldía, emitirá Resolución pola que aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos ao proceso selectivo. Na mesma resolución determinarase a designación do Tribunal cualificador, así como a data de comezo das probas. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Marín.

No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a listaxe definitiva de aspirantes admitidos. Na mesma resolución determinarase o lugar, data e hora da celebración dos exercicios. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

5.—PUBLICIDADE DO PROCEDIMENTO

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, publicándose os restantes anuncios no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

6.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros dos tribunal cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do RD. Lexislativo 5/2015, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente/a, secretario/a e tres vogais.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, e non poderán formar parte do mesmo: o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, o persoal laboral temporal, o persoal eventual nin as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou teñan colaborado en dito período con centros de preparación de opositores.

Cada Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outra Administración Pública, que deberá pertencer ao corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
- Secretario/a: un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outra Administración Pública, que deberá pertencer ao corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
- 3 Vogais:
 - Dous funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outra Administración Pública, que deberá pertencer ao corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
 - Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Marín ou de calquera outra Administración Pública, que deberá pertencer ao corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. Este vogal será designado pola Alcaldía a proposta pola Xunta de Persoal, pero actuará, en todo caso, a título individual.

A composición nominal dos membros do tribunal Cualificador, farase pública nunha Resolución da Alcaldía que será publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza, a lo menos, de tres dos seus membros (titulares ou suplentes) e coa asistencia, en todo caso, do Presidente e do Secretario (titulares ou suplentes).

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria e ao previsto na Lei 39/2015, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

7.—SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases.

- 1.^º.—Fase de Concurso.
- 2.^º.—Fase de Oposición.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

1. PRIMEIRA FASE.—Fase de concurso:

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Unicamente se valorarán aqueles méritos debidamente acreditados.

Levarase a cabo antes do inicio da primeira proba da fase de oposición. A puntuación obtida polos aspirantes, derivada da aplicación do baremo que a continuación se indica, publicárase no taboleiro de anuncios do Concello de Marín con anterioridade á celebración do primeiro exercicio da fase de oposición.

a) Formación (ate 2 puntos).

Por cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas funcións de Mestre de solfexo organizados por centros oficiais ou homologados, ate un máximo de 2 puntos.

- por cursos de menos de 20 horas, 0,10 puntos por curso.
- por cursos de máis de 20 e menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso.
- por cursos de máis de 50 e menos de 100 horas, 0,50 puntos por curso.
- por cursos de máis de 100 horas, 1,00 puntos por curso .

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou diploma (copia cotexada) expedido pola entidade organizadora, de ter finalizado con aproveitamento os cursos. Será necesaria documentación acreditativa dos contidos do curso, cando estes non se deducisen da propia denominación do curso.

A posesión da/s titulación/s acreditarase coa presentación de copia cotexada do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición.

b) Experiencia (ate 5 puntos).

Por servizos prestados como Mestre de Solfexo, como funcionario (de carreira ou interino) ou persoal laboral en calquera Administración Pública, ou servizos prestados en empresas privadas, 0,20 puntos por mes completo de servizo.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 5 puntos.

Co fin de acreditar os servizos prestados será precisa a aportación de certificado de servizos previos no caso de servizos prestados na Administración Pública así como unha vida laboral e copia cotexada de contrato de traballo xunto coa vida laboral no caso de servizos prestados na empresa privada.

No caso de contratos concertados a tempo parcial, os mesmos computarán na parte proporcional, segundo a proporción que representen as horas semanais que estableza o contrato de traballo en relación con 37 h e 30 minutos semanais.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións ás puntuacións obtidas na fase de concurso.

Código seguro de verificación: UYD8JWVIX32858Q



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

2. SEGUNDA FASE.—FASE DE OPOSICIÓN

Constará de tres exercicios.

Os aspirantes serán convocados á realización das probas en chamamento único, sendo excluídos aqueles que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, xustificada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI orixinal ou no seu defecto, do pasaporte ou do carné de conducir.

Os exercicios da fase de oposición serán os seguintes:

PRIMEIRO EXERCICIO.—Proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en expoñer por escrito, no tempo que determine o tribunal, un tema escollido ao azar polo tribunal do temario (ANEXO II) de esta convocatoria. O exercicio deberá ser lido polo aspirante obrigatoriamente ante o tribunal, que poderá requirirle ao candidato calquera explicación ou aclaración que considere oportuna.

Esta proba califícase de 0 a 10 puntos, sendo preciso obter unha cualificación mínima de 5,00 puntos para a súa superación.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións a puntuación obtida no primeiro exercicio.

SEGUNDO EXERCICIO.—Proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun exercicio práctico composto por dúas partes:

A) Escrita: poderá consistir en calquera dos seguintes exercicios, segundo determine o Tribunal:

- 1.—Crear o acompañamento pianístico dunha melodía dada.
- 2.—Composición libre dun exercicio musical.
- 3.—Análise dun fragmento musical.

Este apartado puntuarase de 0 a 5,00 puntos, e será preciso obter unha cualificación mínima de 2,5 puntos para a súa superación.

B) De interpretación: poderá consistir en calquera dos seguintes exercicios, segundo determine o Tribunal:



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

- 1.—Lectura dun fragmento rítmico seleccionado polo tribunal
- 2.—Interpretación coa voz dun fragmento musical, sobre unha partitura seleccionada polo tribunal.

3.—Dar unha clase práctica a un suposto alumno de linguaxe musical.

Este apartado puntuarase de 0 a 5,00 puntos, e será preciso obter unha cualificación mínima de 2,5 puntos para a súa superación.

A puntuación obtida no segundo exercicio será o resultado de sumar as cualificacións obtidas nos apartados A e B.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións a puntuación obtida no segundo exercicio.

TERCEIRO EXERCICIO.—Proba de coñecemento da lingua galega, obrigatorio e non eliminatorio

O Tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos aspirantes, mediante unha proba escrita consistente nun cuestionario tipo test, elixido por sorteo de entre dous propostos polo tribunal, no tempo que este determine.

Esta exercicio, que non terá carácter eliminatorio, puntuarase de 0 a 5 puntos.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de instancias, o Certificado de Lingua Galega 4 (Celga 4) ou equivalente, obtendo unha puntuación de 5 puntos.

A puntuación da fase de concurso virá dada pola suma das puntuacións obtidas nos apartados a (formación) e b (experiencia).

A cualificación da fase de oposición virá dada pola suma da puntuación obtida nos tres exercicios da fase de oposición.

A CUALIFICACIÓN FINAL virá dada pola suma das cualificacións obtidas na fase oposición, de aqueles aspirantes que teñan superado a mesma, e a obtida na fase de concurso. No caso de empate na cualificación final entre dous ou máis aspirantes o mesmo será resolto acudindo a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e no seu caso ao segundo exercicio de dita fase ate a resolución do mesmo. En caso de persistir o empate, acudirase a maior puntuación obtida na fase de concurso. De non de desfacerse así o empate este se resolverá por sorteo realizado en presenza dos interesados.

Os aspirantes disporán dun prazo de TRES DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar reclamacións á cualificación final.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo na bolsa de emprego determinarase de acordo coa CUALIFICACIÓN FINAL obtida polos aspirantes. No caso de que fose precisa a contratación laboral temporal de algún traballador coa categoría de Mestre



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

de Solfexo, chamarase aos compoñentes da bolsa pola súa orde na mesma. O chamamento efectuarase telefonicamente.

Os contratos do citado persoal serán a xornada parcial.

Os aspirantes incluídos na bolsa de traballo que sexan contratados polo Concello, unha vez rematado o citado contrato voltarán á mesma na orde que lles correspondía inicialmente na bolsa de traballo.

O aspirante que formando parte da bolsa de traballo sexa chamado para a súa contratación e renunciase a mesma, será relegado a última posición na mesma. A renuncia a contratación por causa xustificada, por ate dúas veces, (estar traballando, facéndoo constar de xeito fidedigno/a, ou enfermidade debidamente xustificada), determinará que non se perda a orde na bolsa de traballo procedéndose o chamamento do seguinte aspirante na orde da bolsa de traballo.

O aspirante contratado polo Concello de Marín que renuncie a dita contratación, deixará de formar parte da bolsa de Mestre de solfexo obxeto da convocatoria.

8.—ACHEGA DE DOCUMENTOS

O/a aspirante proposto/a para a súa contratación, deberá presentar, no prazo de cinco días hábiles, ante o departamento de persoal do Concello, a seguinte documentación:

- DNI, orixinal e fotocopia.
- Título académico esixido na presente convocatoria, orixinal e fotocopia.
- No seu caso, orixinal e fotocopia do Certificado de Lingua Galega 4 (CELGA 4) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
- Tarxeta Sanitaria, orixinal e fotocopia.
- Declaración responsable de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Certificado/informe médico orixinal relativo a súa aptitude para o posto de traballo.
- Certificación bancaria do número de conta no que se aboará a nómina.

De non aportar dita documentación no devandito prazo, ou se da documentación aportada non quedase acreditado que cumpre os requisitos esixidos, decaerá nos seus dereitos, quedando anuladas todas as súa actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer por falsidade na súa solicitude.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

ANEXO I

INSTANCIA SOLICITUDE PARTICIPACIÓN

A SRA. ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN

D/a _____, con DNI número _____, e enderezo en (Rúa /Lugar) _____ (Localidade/Municipio) _____ (Código postal) _____, e nº de teléfono _____.

EXPÓN:

Que enterado/a da convocatoria de probas selectivas para a formación dunha bolsa de emprego de Mestre de Solfexo, e desexando tomar parte no proceso selectivo:

MANIFESTA:

- 1.- Que coñece as bases e os criterios de selección de esta convocatoria.
- 2.- Que declara baixo a súa responsabilidade que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na mesma.
- 3.- Que achega a seguinte documentación esixida nas bases:
 - copia do DNI.
 - copia do Título académico esixido para o ingreso.
 - no seu caso, copia do Certificado de Lingua Galega 4 (CELGA 4) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.
 - no seu caso, documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, así como a xustificación documental dos mesmos, mediante orixinais ou copias cotexadas. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente acreditados na data en que remate o prazo de presentación de instancias, nin aqueles que, sendo alegados en dito prazo, non fosen xustificados no prazo de emenda das solicitudes.
 - xustificación de pago da taxa de 18,03 euros en concepto de dereitos de exame ou de estar exento/a do pago da mesma.

Por todo elo, SOLICITA:

Que, previos os trámites oportunos, teña por presentada en tempo e forma a presente solicitude, e na súa virtude proceda a admitirse na participación do proceso selectivo referido, para o cal se achegan os documentos establecidos na convocatoria, así como a documentación que desexa que lle sexa valorada na fase de concurso.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o CONCELLO DE MARÍN con domicilio na Avda. de Ourense s/n, 36900 – Marín (Pontevedra) onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición nos taboleiros de anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo – aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación – aos representantes dos traballadores, e as administracións públicas competentes.

Marín a _____ de _____ de 2017

(Sinatura do aspirante)

Código seguro de verificación: UYD8JWVJNX32858Q



ANEXO II
TEMARIO

Tema 1.—A Constitución Española de 1978: os dereitos e os deberes fundamentais.

Tema 2.—As Cortes Xerais. A Coroa. O poder Xudicial

Tema 3.—O goberno e a Administración. As relacións Goberno- Cortes Xerais.

Tema 4.—A Organización territorial do Estado español. As Comunidades Autónomas. A administración local.

Tema 5.—A organización municipal: órganos e Competencias

Tema 6.—A linguaxe musical: Evolución histórica. Os grandes pedagogos: análise das súas bibliografías relacionadas coa linguaxe musical. Métodos e sistemas actuais de pedagogía musical. A investigación musical. Ferramentas cuantitativas e cualitativas actuais.

Tema 7.—A lectura musical: Evolución, lectura horizontal e vertical, a lectura interválica sen clave, lectura a primeira vista e lectura articulada. Importancia da escritura musical: escritura melódica e escritura harmónica. As grafías non convencionais na lectura e escritura musical.

Tema 8.—A voz e a súa fisioloxía. Respiración, relaxación e vocalización tanto na voz falada como na voz cantada. Clasificación e extensión das voces. A voz na infancia e na adolescencia. Características específicas e a súa problemática. Coidado da voz e influencias das alteracións físicas e psíquicas nela. A voz do profesor de linguaxe musical: coidado e mantemento.

Tema 9.—Entoación, afinación e empaste. A entoación imitada e a entoación consciente. A articulación e o fraseo. Importancia da entoación acompañada e da entoación a capella. A interválica pura e a súa aplicación a obras post-tonales ou atonales.

Tema 10.—A influencia da canción popular e a canción de autor no proceso educativo musical. O canon como recurso didáctico para a iniciación coral. Criterios didácticos para a selección de repertorio vocal monódico e polifónico.

Tema 11.—Anatomía e fisioloxía do oído. Psicoloxía da audición: desenvolvemento cognitivo, motivación. Tipos de audición. A audición nas metodoloxías musicais do século XX.

Tema 12.—A audición comprensiva. Didáctica da audición: técnicas e recursos utilizados para a audición de elementos rítmicos, melódicos, modulatorios, cadenciais, formais, tímbricos, estilísticos e outros.

Tema 13.—O fenómeno físico harmónico. Cualidades do son. O movemento ondulatorio. Fundamentos dos sistemas de afinación. A serie harmónica. As proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Índices acústicos. A serie Fourier.

Tema 14.—Organoloxía: Clasificación dos instrumentos musicais. Os instrumentos na aula de linguaxe musical. O corpo como instrumento. Os instrumentos transpositores, electrónicos, a síntese e manipulación artificial do son.



Mércores, 23 de agosto de 2017

Núm. 161

Tema 15.—O tempo musical. A determinación do tempo antes da súa expresión en termos. Os termos relativos e absolutos alusivos ao tempo. A agóxica.

Tema 16.—Evolución do ritmo desde as súas orixes ata o século XX: métrica literaria, pés métricos e modos rítmicos. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Orixe e evolución dos compases. A importancia do silencio.

Tema 17.—O ritmo: A súa traxectoria e evolución a partir do século XX. A equivalencia e a súa implicación na rítmica. Valoración especial e grupos rítmicos irregulares. Polimetrías e polirritmias. Modificación da acentuación métrica. Música sen compás. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 18.—A modalidade: Evolución histórica. Evolución dende a tonalidade hasta a disolución tonal. Tipos de escalas ao longo da historia. O intervalo: Consonancia e disonancia. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 19.—A monodia e a melodía. Simultaneidade de liñas melódicas. Do sentimento harmónico á harmonía sistematizada. A importancia da melodía na linguaxe musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical. Os acordes: orixe, tipoloxías e funcionalidade. As cadencias: orixe, tipoloxías e funcionalidade.

Tema 20.—A notación musical: Evolución histórica desde os neumas ás notacións actuais. A expresión musical: signos ou termos de uso habitual, tanto tradicionais como non convencionais que afectan á interpretación.

Tema 21.—A transcripción: Conceptos xerais e criterios sobre a interpretación de transcripcións. A aplicación didáctica da transcripción na aula de linguaxe musical.

Tema 22.—A ornamentación: Orixe, evolución e escolas. A súa interpretación tendo en conta o autor e a época. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 23.—O transporte: Orixe, función, tipos, técnicas e aplicacións na práctica musical. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 24.—A análise musical e sociolóxica do jazz, do flamenco e doutras músicas populares. A súa aplicación na didáctica da linguaxe musical.

Tema 25.—Métodos de traballo e desenvolvemento da autonomía no estudo. O desenvolvemento da capacidade do alumno para atopar solucións propias das dificultades do texto musical. Estratexias adecuadas.

En Marín a 21 de xullo de 2017

Asdo. María Ramallo Vázquez

ALCALDESA-PRESIDENTA

Código seguro de verificación: UYD8JWVIX32858Q

